

DECRETO NÚMERO 16008537 DO 09/11/2016

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte de abril de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo número 12/215 BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL.

Polo Decreto nº 16003242 de data 02/05/2016 do Tenente de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal resolveuse convoca-lo proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, de acordo coas mencionadas bases.

Visto o escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, con data do 20 de maio de 2016, por D. Ignacio Fernández Díaz, polo que formula recurso de reposición contra o Decreto nº 16003242 de data 02/05/2016 do Tenente de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local 12/215) no que resolve convocar o proceso selectivo e as Bases para a cobertura interina, de prazas de funcionario na categoría de Enxeñeiro/a Técnico Industrial, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o seis de xullo de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo 11/444 RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON IGNACIO FERNÁNDEZ DÍAZ (PROCESO SELECTIVO ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL), polo que acordou:

“PRIMEIRO.- Estimación parcial do recurso de reposición presentado por D. Ignacio Fernández Díaz contra o Decreto número 16003242, do 02/05/2016, do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local 12/215) no que resolve convocar o proceso selectivo e as bases para a cobertura interina, de prazas de funcionario na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, no relativo á titulación precisa, aceptando a titulación esixida para o anterior proceso selectivo (Decreto número 13002887, do 26 de marzo de 2013, publicado no BOP número 82, do 10 de abril de 2013) na que expresamente se indicaba “Título de Enxeñeiro Técnico Industrial ou título de grao que habilite para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial”.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16dr 2ªconvcobinterinaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: convocatoria proceso selectivo

SEGUNDO.- Desestimación do recurso de reposición presentado por D. Ignacio Fernández Díaz, no que respecta ás demais cuestións expostas (temario, así como a descrición da valoración das probas).”

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de setembro de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo 11/624 MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL.

Igualmente, dito órgano de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o día dezanove de outubro de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo 11/667 MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL, POR MOR DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día dezanove de outubro de dous mil dezaseis, e que a continuación se transcriben:

“1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do Título de Enxeñeiro Técnico Industrial ou Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función, que terá que ser acreditado con certificado médico oficial polos aspirantes que superen o proceso selectivo.

3.-ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse o Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16dr 2ªconvcobinterinaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: convocatoria proceso selectivo

Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia compulsada do DNI

b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

A) Realización das seguintes probas:

a) A proba teórica consistirá en desenvolver por escrito tres temas elexidos ó chou (un do temario xeral e dous do específico), nun tempo máximo de tres horas.

TEMARIO DE MATERIAS XERAIS

Tema 1.- O procedemento administrativo común. Principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo.

Tema 2.- A contratación administrativa. Natureza xurídica dos contratos administrativos. Elementos dos contratos: Os suxeitos. Obxecto e causa. Clases de contratos administrativos.

Tema 3.- O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

Tema 4.- O municipio de Lugo. Organización municipal específica: Pleno, Alcalde, Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde e concelleiros delegados. Comisións do Pleno e outros órganos complementarios. Poboación e termo municipal.

TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Evolución histórica da Enerxía. Concepto de enerxía. Magnitudes e unidades de medida. Aspectos ambientais de enerxía. Contexto enerxético actual.

Tema 2.- O sector enerxético en España. O consumo enerxético nos concellos de Galicia.

Tema 3.- O sistema eléctrico en España. Mercado da electricidade. Liberalización do mercado eléctrico.

Tema 4.- Estrutura da facturación eléctrica. Composición e termos da factura eléctrica. Contratos de subministración.

Tema 5.- O sistema gasista. Contratación de subministracións e facturación. Mercado tarifario en España.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16dr 2ªconvcobinterinaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: convocatoria proceso selectivo

Tema 6.- Contabilidade enerxética. As auditorías enerxéticas. Obxecto e alcance das auditorías enerxéticas. Metodoloxía e resultado das auditorías enerxéticas. As empresas de servizos enerxéticos. Aforros compartidos e aforros garantidos. Contratación de servizos enerxéticos polas administración públicas.

Tema 7.- Conceptos básicos de luminotecnia: Luz, fluxo luminoso, rendemento luminoso, intensidade luminosa, iluminancia, iluminancia media, luminancia, deslumbramento e temperatura de color.

Tema 8.- Fontes de luz. Tipos de lámparas. Especial alusión a led. Ventaxas, desventaxas e comparación desta última fronte ás outras tipoloxías de lámparas. Aplicacións.

Tema 9.- Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Alumeado Exterior.

Tema 10.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias: EA01. Eficiencia enerxética.

Tema 11.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias: EA02. Niveis de iluminación

Tema 12.- REEAE: Instrucións Técnicas Complementarias: EA04. Compoñentes das instalacións. EA05. Documentación Técnica, verificacións e inspeccións.

Tema 13.- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión: Obxecto. Campo de aplicación. Redes de distribución. Instalacións de alumeado exterior. Tipos de subministro. Acometidas e instalacións de enlace. Instalacións interiores ou receptoras. Receptores e posta a terra. Execución e posta en servizo das instalacións. Mantemento das instalacións.

Tema 14.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-04: Documentación e posta en servizo de instalacións. ITC-BT-05: Verificacións e inspeccións.

Tema 15.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-06: Redes aéreas para distribución en baixa tensión.

Tema 16.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-07: Redes soterradas para distribución en baixa tensión.

Tema 17.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-09: Instalacións de alumeado exterior. ITC-BT-10: Previsión de cargas para subministros en baixa tensión. ITC-BT-11: Redes de distribución de enerxía eléctrica. Acometidas.

Tema 18.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-12 a 17. Instalacións de Enlace.

Tema 19.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-18. Instalacións de posta a terra.

Tema 20.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-20 e 21. Instalacións interiores ou receptoras: Sistemas de instalación. Tubaxes e canles protectoras.

Tema 21.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-22 a 24. Instalacións interiores ou receptoras: Protección contra sobreintensidades. Protección contra sobretensións. Protección contra os contactos directos e indirectos.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16dr 2ªconvcobinterinaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: convocatoria proceso selectivo

Tema 22.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-28. Instalacións en locais de pública concorrencia. ITC-BT-30. Instalacións en locais de características especiais.

Tema 23.- REBT: Instrucións Técnicas Complementarias: ITC-BT-31 a 34. Instalacións con fins especiais. Piscinas e fontes. Máquinas de elevación e transporte. Instalacións provisionais e temporais de obras. Ferías e stands. ITC-BT-44. Instalación de receptores. Receptores para alumado.

Tema 24.- Correntes de cortocircuíto en liñas trifásicas. Cortocircuíto tripolar. Corrente inicial de cortocircuíto tripolar. Períodos de cortocircuíto. Impedancia de máquinas. Relación entre valores absolutos en ohmios e relativos en tanto por cento.

Tema 25.- Caída de tensión en corrente alterna. Parámetros de liña. Efecto da inductancia e capacitancia nunha liña eléctrica trifásica.

Tema 26.- Corrente continua. Xeración e distribución de corrente continua. Máquinas de corrente continua: dinamos e motores. Tipoloxía en función da excitación. Fenómeno de conmutación e de reacción de inducido.

Tema 27.- Transformadores trifásicos. Relación de transformación nominal. Devanados. Desfase entre primario e secundario. Bornes do transformador. Polaridade dos bornes. Grupos de conexión. Tensión de cortocircuíto. Caída de tensión ohmica. Tensión de dispersión. Perdas e rendemento dun transformador. Ventilación de celdas.

Tema 28.- Corrente alterna. Distribución trifásica. Conexións en estrela e triángulo. Máquinas de corrente alterna: Alternadores, transformadores e motores.

Tema 29.- Producción de campos magnéticos xiratorios mediante correntes alternas. Teorema de Ferraris. Motor de corrente alterna trifásico. Motor síncrono e asíncrono. Compensador síncrono. Motor síncrono-sincronizado. Alternador asíncrono. Arranque de motores.

Tema 30.- Máquina síncrona de corrente alterna. Constitución básica. Tipoloxía. Principio de funcionamento como alternador. Dispersión de fluxo. Reacción do inducido. Reactancias. Circuito equivalente. Emprego da máquina síncrona como motor.

Tema 31.- Máquina asíncrona de corrente alterna trifásica. Tipoloxía e constitución básica. Principio de funcionamento como motor. Modelo e circuito equivalente. Funcionamento coma xerador, motor e freo. Control de velocidade en motores asíncronos.

Tema 32.- Transformador monofásico de corrente alterna. Constitución básica. Principios de funcionamento. Modelo equivalente. Ensaio de baleiro e cortocircuíto. Transformación de corrente trifásica.

b) A proba práctica consistirá na resolución dun suposto práctico ou realización dalgunha tarefa proposta polo tribunal sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico. O tempo para a realización deste exercicio será de dúas horas. Para superar a proba práctica deberá acadarse polo menos unha puntuación de 5 puntos.

c) Coñecemento da Lingua Galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16dr 2ªconvcobinterinaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: convocatoria proceso selectivo

galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para supera-las probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

a) Experiencia profesional: Por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento no seu caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

O puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16dr 2ªconvcobinterinaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: convocatoria proceso selectivo

O Tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- Don Pablo Fuentes Failde, Xefe do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Marta Carballal Neira, Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos do Concello de Lugo.

Vogais:

- Don Alberto Cardama Cid, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Ana Rodríguez Alvarez, Enxeñeira Técnica Topógrafa do Concello de Lugo.

- Don José María Seijas Fernández, Aparellador (Adxunto de Servizo) do Concello de Lugo.

Suplente: Don Julio César Lamas Pardo, Aparellador (Xefe de Sección) do Concello de Lugo.

- Don Efrén Pereira Alvarez, Enxeñeiro Técnico Industrial do Concello de Lugo.

Suplente: Don Francisco Roldán Rodríguez, Aparellador (Xefe de Sección) do Concello de Lugo.

Secretaria:

- Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Carolina Álvarez López, Técnico de Xestión do Concello de Lugo.”

Segundo.- Que se proceda á súa publicación, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.